

✓ **ILLAS DE RECICLAXE  
DE QUITA E PON  
NO CASCO HISTÓRICO**

UN SANTIAGO MÁIS LIMPO E SOSTIBLE  
É RESPONSABILIDADE DE TODOS E TODAS.



- |                      |                                |                         |                      |
|----------------------|--------------------------------|-------------------------|----------------------|
| 1 Praza de San Roque | 2 Rúa Salvador Parga           | 3 Rúa de Santo Agostiño | 4 Praza de Mazarelos |
| 5 Praza de Cervantes | 6 Praza de San Martiño Pinarío | 7 Praza de Praterías    | 8 Praza do Toural    |
| 9 Travesa de Fonseca | 10 Rúa das Carretas            |                         |                      |

Queremos dirixirnos a vostede como habitante do Casco Histórico da nosa cidade, para informarlle de que temos implantado un sistema de recollida selectiva de lixo por medio de illas de quita e pon que está funcionar grazas a colaboración de todos os veciños e veciñas, entre todos e todas estamos a conseguir eliminar as bolsas dos soportais da nosa fermosa cidade ao depositar o lixo de xeito separado nas illas que se colocan en horario de 19:00 h. a 23:00 h. todos os días da semana.

Nestas illas vostede poderá separar o lixo nas fraccións de Papel e Cartón, Vidro, Envases lixeiros, Orgánica e Resto.

Con este novo modelo queremos adaptar a recollida do noso casco histórico a un sistema moderno e adaptado á nova lexislación, xa que é cousa de todos e todas que a nosa cidade sexa un exemplo tamén na súa limpeza e sostibilidade.

## PAPEL E CARTÓN:

**SI:** Envases e caixas de cartón, xornais, revistas, libros, folletos publicitarios, folios, sobres, carpetas e, en xeral, todo tipo de papel sobrante.

**NON:** Papeis sucios, papel de cociña usado, manteis ou panos de mesa de papel.

## ENVASES LIXEIROS

**SI:** Bolsas, botellas e envases de plástico, latas de bebida ou de conserva, bandexas de aluminio e briks.

**NON:** Papel, porexpan, libros, envases de cartón, vidro e outros desperdicios que non sexan envases.

## ORGÁNICO

**SI:** Restos de froita e verdura, restos de carne e peixe, cunchas de marisco ou froitos secos, restos de pan, restos de café e infusión, papel de cociña, restos de plantas, tapóns de cortiza...

**NON:** Comida envasada, cueiros, compresas, bastonciños de algodón, cabichas e paquetes de tabaco, cápsulas de café, téxtil, papel de aluminio, plásticos e envases, lixo, cabelos...

## VIDRO

**SI:** Botellas de vidro, tarros e frascos de conservas, salsas ou marmeladas.

**NON:** Os tapóns das botellas e botes, cristal plano, fluorescentes e lámpadas, cerámica, botes de medicamentos ou espellos.

## RESTO

**SI:** Máscaras, cueiros, toallíñas, compresas, tampóns, etc.

**NON:** Restos que pertencen a outro tipo de colector.

Para calquera dúbida podedes contactar co servizo en [www.santiagosostible.gal](http://www.santiagosostible.gal) ou no 981 565 469

**+INFO:** [www.santiagosostible.gal](http://www.santiagosostible.gal)